

Regulamento de contratación de persoal laboral no capítulo 6 para proxectos, axudas e convenios de investigación e transferencia de coñecemento

(Aprobado en Consello de Goberno de 5 de xuño de 2024)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xeración, a transferencia e o intercambio de coñecemento, alén da aplicabilidade da investigación en todos os campos científicos, tecnolóxicos, sociais, humanísticos, artísticos e culturais, así como a promoción da innovación, constitúen, segundo o artigo 2.2 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU), funcións esenciais da universidade, que, asemade, debe garantir e incentivar a docencia, a investigación e o intercambio e a transferencia do coñecemento e os seus resultados á sociedade e ao tecido produtivo.

A este respecto, a contratación de persoal investigador, persoal técnico ou persoal que realice funcións de xestión, administración e servizos relacionados coa investigación e o desenvolvemento, xunto coa transferencia de coñecemento, no senso establecido polos artigos 3.5 e 27 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (LCTI), revelouse como unha ferramenta fundamental para conseguir os obxectivos das actividades de investigación e, en consecuencia, para o cumprimento das funcións encomendadas á universidade.

A Universidade da Coruña (UDC) posúe o logo de excelencia HRS4R, outorgado pola Comisión Europea, que acredita o uso de procedementos aliñados coas políticas OTM-R (*open, transparent and merit-based recruitment*). Este selo garante que a institución adquiriu o compromiso de levar a cabo procesos de contratación abertos, transparentes e baseados en méritos obxectivos.

A reforma normativa operada polo Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, que reformou o Estatuto dos traballadores, a Lei 17/2022, do 5 de setembro, pola que se modifica a LCTI, e a normativa europea xunto cos criterios que presiden o OTM-R do selo HRS4R, evidenciaron a necesidade de adaptar a normativa da UDC tanto á cambiante realidade como ao novo contexto normativo.

De feito, a Lei 17/2022, do 5 de setembro, pola que se modifica a LCTI, recolle o modelo de contratación previsto no Real decreto lei 8/2022 e expresamente establece na súa disposición adicional décima unha excepción á obriga de formalizar contratos de carácter indefinido, indicando que: «No ámbito de aplicación desta lei só será de aplicación a disposición adicional quinta do Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, en relación coa reforma das modalidades de contratación temporal, cando se trate de contratos de duración determinada por parte das entidades que integran o sector público, reguladas no artigo 2 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, sempre que os devanditos contratos se encontren asociados á estrita execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e só polo tempo necesario para a execución dos citados proxectos, así como para contratos necesarios para a execución de programas de carácter temporal cuxo financiamento dependa de fondos europeos non competitivos».

O 6 de febreiro de 2009 a UDC ditou unha resolución reitoral que regulaba a tramitación económico-administrativa dos contratos de persoal investigador financiados con cargo ao capítulo VI do seu orzamento de gastos. Esta resolución foi modificada posteriormente por outra do 28 de xuño de 2022. Pola súa banda, a normativa para a regulación da contratación

de persoal laboral de capítulo VI con cargo a proxectos, axudas, e convenios de investigación e transferencia de coñecemento foi aprobada en Consello de Goberno o 28 de abril de 2022.

Nos últimos anos, a UDC incrementou significativamente a súa actividade investigadora, así como a obtención de financiamento externo a través de proxectos públicos, convenios e contratos de investigación competitivos.

Este incremento da actividade investigadora, unido ás posteriores modificacións legislativas, demanda actualizar as previsións contidas na normativa da UDC. Neste senso cómpre subliñarmos a posibilidade que ofrece a vixente LCTI, a través do seu artigo 23 bis, de formalizar contratos de actividades científico-técnicas de duración indefinida, ou determinada segundo os casos, cuxo obxecto sexa a realización de actividades científico-técnicas vinculadas a liñas de investigación ou de servizos científico-técnicos, incluíndo a xestión científico-técnica destas liñas.

A ratificación deste regulamento, que poderá ser complementado coas bases e convocatorias de axudas ou subvencións públicas que sexan aprobadas para o seu financiamento, así como polo Acordo de clasificación profesional, obedece tamén ao compromiso de humanizar a normativa universitaria, clarificando e simplificando as normas, e de implantar un modelo de xestión áxil e sinxelo que integre ao tempo os requirimentos dos organismos financiadores.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta normativa regula o procedemento para seleccionar e contratar persoal laboral investigador, persoal técnico e persoal de xestión da investigación para o desenvolvemento de actividades investigadoras na UDC, con carácter indefinido ou con duración determinada, a tempo completo ou tempo parcial, nas modalidades previstas pola LCTI e pola LOSU, con cargo a fondos económicos procedentes de:

- a) axudas e subvencións para realizar proxectos específicos de I+D+I acadadas en convocatorias competitivas de plans e programas públicos de I+D+I ou, en xeral, en convocatorias públicas que teñan como destinatarios as universidades e/ou centros de investigación universitarios;
- b) relacións de colaboración que se establezan entre as universidades e outras entidades públicas ou privadas no marco normativo establecido pola LOSU;
- c) convenios de colaboración asinados ao abeiro do artigo 34 da LCTI;
- d) calquera outra vía de financiamento non incluída nas anteriores e que permita contratar persoal investigador ou científico-técnico, agás os programas específicos de recursos humanos de investigación.

Artigo 2. Vinculación coa UDC, réxime normativo e duración

1. O persoal suxeito ao ámbito de aplicación deste regulamento estará vinculado coa UDC mediante un contrato laboral.
2. Este persoal rexerese polo disposto na LCTI; polo Convenio colectivo do persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela; polo texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro) e polo Estatuto dos traballadores (aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro), sen prexuízo das peculiaridades que establece a LOSU.

3. Os contratos serán de duración indefinida ou determinada, segundo resulte da normativa reguladora.

Artigo 3. Principios informadores

1. A selección do persoal comprendido no ámbito de aplicación deste regulamento farase en réxime de concorrencia competitiva. Nos procesos selectivos garantiranse a publicidade e a transparencia necesarias, así como o sometemento aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

2. Tendo en conta que a UDC se alínea coa Estratexia europea en recursos humanos para a investigación (HRS4R), os procedementos de contratación axustaranse aos principios do Código de conduta para a contratación de persoal investigador, polo que serán abertos e transparentes, amais de se resolver de acordo cos méritos acreditados polas e polos aspirantes (*open, transparent and merit-based recruitment*, OTM-R).

3. Estes procedementos terán en conta as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante a lactación e paternidade nos termos que estableza a normativa, co fin de garantir a igualdade de oportunidades.

Artigo 4. Liñas de investigación e liñas estratéxicas

1. Teñen a consideración de liña de investigación ou liña estratéxica (en diante, liñas):

- a) o conxunto de coñecementos, produtos, proxectos ou servizos construídos de forma sistemática arredor dun eixe temático en que conflúen as actividades desenvolvidas por un ou varios grupos de investigación;
- b) os proxectos estratéxicos postos en marcha polas vicerreitorías, os centros de investigación, os campus de especialización ou os institutos de investigación da UDC;
- c) e os convenios de apoio a I+D+I orientados ao desenvolvemento e a xestión da investigación ou innovación.

2. Cando unha convocatoria de contratación estea vinculada a unha liña, a ou o responsable da convocatoria (en diante, persoa investigadora principal) deberá indicalo expresamente no anexo III, ademais de identificar a liña concreta a que se vincula o contrato que propón.

3. Na vicerreitoría con competencias en investigación crearase un rexistro coas liñas activas e o financiamento asociado que se recibise. O rexistro de liñas será susceptible de modificarse de acordo coa regulación que estableza tal vicerreitoría.

Poderán concorrer diversas aplicacións orzamentarias no financiamento dunha liña, nos casos e cos requisitos establecidos na regulación antes mencionada.

Capítulo II. Convocatorias

Artigo 5. Iniciación

A persoa investigadora principal iniciará o procedemento de contratación mediante unha solicitude dirixida á unidade con competencias en materia de contratación de persoal investigador laboral con cargo ao capítulo VI do orzamento de gastos da UDC (en diante, unidade tramitadora).

Artigo 6. Contido

1. As convocatorias deberán incluír a seguinte información:

- a) Axuda(s), programa(s) ou proxecto(s): referencia, denominación, partida orzamentaria e duración.

- b) Liña a que se vincula o contrato, de ser o caso.
- c) Obxecto do contrato.
- d) Lugar de traballo.
- e) Categoría profesional.
- f) Xornada: tempo completo (35 horas) ou tempo parcial (non inferior a 17,5 horas, con indicación do número de horas).
- g) Horario.
- h) Data de inicio prevista (tamén a data de fin nos contratos de duración determinada) e prazo de incorporación ao posto de traballo tras formalizarse o contrato.
- i) Retribucións brutas mensuais (incluídas as pagas extras).
- j) Requisitos das persoas solicitantes.
- k) Composición da comisión de selección (cun mínimo de tres membros titulares e dous suplentes).
- l) Memoria xustificativa das tarefas que se levarán a cabo, en relación coa finalidade da axuda, o proxecto, o programa ou a liña.
- m) Os criterios de valoración dos méritos das persoas aspirantes, desagregados en subcriterios de ponderación que permitan garantir a obxectividade da puntuación asignada.
- n) Criterios adicionais para aplicar en caso de empate.
- o) Opcionalmente, a realización dunha entrevista persoal (cuxa puntuación non poderá superar o 25 % da puntuación total), que deberá serlles comunicada ás persoas candidatas cunha antelación mínima de 48 horas.
- p) Puntuación mínima para integrar a listaxe de agarda.
- q) Datos de contacto.

2. A unidade tramitadora revisará as solicitudes, comprobará a elixibilidade do gasto e certificará a existencia de crédito axeitado e suficiente para contratar, así como a condición de persoa investigadora principal da persoa solicitante, nun prazo máximo de tres días hábiles. A seguir, remitíralle a documentación á Asesoría Xurídica da UDC, que emitirá un informe preceptivo non vinculante no prazo máximo de tres días hábiles.

Artigo 7. Publicidade

1. Unha vez recibido o informe que emita a Asesoría Xurídica, no prazo máximo de dous días hábiles, a unidade tramitadora enviará a convocatoria para a súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO), que será tamén o lugar onde se publiquen todas as resolucións dos procedementos de contratación para os efectos de publicidade e notificación ás e aos aspirantes.

No mesmo prazo, a unidade tramitadora enviará a convocatoria para súa publicación na plataforma EURAXESS (<https://euraxess.ec.europa.eu>). O anuncio deberase publicar en inglés.

2. A publicación da convocatoria incluírá as oportunas referencias ás políticas OTM-R e igualdade de oportunidades da UDC: <https://www.udc.gal/hrs4r/otmr/>.

Capítulo III. Requisitos de participación, prazo de presentación de solicitudes e admisión no procedemento

Artigo 8. Requisitos das persoas aspirantes

1. Na data de remate do prazo para presentar solicitudes e durante a vixencia do contrato, as persoas aspirantes deberán reunir e manter os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou calquera outra a que a normativa estatal atribúa igualdade de dereitos canto aos efectos laborais na administración pública.
- b) Posuír a titulación esixida e reunir o resto dos requisitos sinalados na convocatoria.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións ou tarefas descritas na memoria que integran o obxecto do contrato
- e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas. Tampouco atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou rango de persoal funcionario ou para o exercicio de funcións análogas ás que desempeñaba, en que estivese separado/a ou habilitado/a.

No caso de ser nacional doutro estado, requirirase que a persoa aspirante non estea inhabilitada ou en situación equivalente, así como que non fose sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

2. A contratación de persoas estranxeiras procedentes de países extracomunitarios, que se formalizará coa única finalidade de realizaren tarefas de investigación ou técnicas, requirirá que presenten, no momento da sinatura do contrato, o permiso de residencia e a autorización para traballar por conta allea, ou ben a acreditación da concorrencia de causa de excepción da dita autorización, de conformidade co establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Artigo 9. Prazo de presentación de solicitudes

1. O prazo para presentar solicitudes será de cinco días hábiles, que se contarán desde o seguinte ao da publicación da convocatoria no TEO. Excepcionalmente e por razóns xustificadas, as convocatorias poderán establecer un prazo superior.

2. Se non se recibe ningunha solicitude neses cinco días, o prazo prorrogarase automaticamente por outros cinco días hábiles. De manterse a situación, informarase a persoa investigadora principal para que reformule a convocatoria de contrato proposta, que deberá publicarse consonte o disposto no artigo 7.

Artigo 10. Presentación de solicitudes de participación

1. As solicitudes das e dos aspirantes, acompañadas da documentación que se sinale na convocatoria, deberán presentarse a través da Sede Electrónica da UDC.

Con todo, habilitarase unha canle excepcional para que as persoas aspirantes estranxeiras cuxo certificado dixital non sexa recoñecido pola Sede Electrónica da UDC poidan presentar a súa solicitude.

2. As solicitudes de participación faranse empregando o modelo establecido no anexo III deste regulamento e dirixiranse á persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de investigación.

3. A estas solicitudes xuntaráselles a documentación necesaria para poder participar na valoración e selección de candidaturas, que incluírá, ademais dos documentos especificamente indicados na convocatoria, estes:

- a) Currículo da persoa solicitante.
- b) No caso das titulacións cursadas nun idioma distinto do castelán ou do galego, a documentación deberá vir acompañada da correspondente tradución e do formulario de declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros dispoñible no sitio web do ministerio con competencias en materia de universidades.
- c) Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
- d) Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.
- e) Documentos acreditativos de todos os méritos alegados. Non se considerarán os méritos que non se acrediten documentalmente.

Artigo 11. Admisión de participantes

1. Recibidas as solicitudes, a unidade tramitadora revisará a documentación de acordo co disposto neste regulamento e na convocatoria. Publicará a relación provisoria de persoas admitidas e excluídas, indicando a causa de exclusión, no prazo máximo de tres días hábiles.

Se resultan admitidas todas as persoas solicitantes, a listaxe considerarase definitiva para todos os efectos e publicárase no TEO no prazo de tres días hábiles.

2. As persoas aspirantes que resulten excluídas disporán dun prazo de cinco días hábiles para reclamar.

3. A unidade tramitadora resolverá as reclamacións e publicará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas no prazo máximo de dous días hábiles. Nese mesmo día, comunicarlle á persoa investigadora principal a publicación da relación definitiva de persoas aspirantes admitidas.

Contra a súa exclusión definitiva, as e os aspirantes poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun (1) mes, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)

Capítulo IV. Comisión de selección, avaliación e proposta de resolución

Artigo 12. Comisión de selección

1. A comisión de selección estará integrada por un mínimo de tres membros: a persoa investigadora principal ou aquela en quen delegue, que a presidirá; e dúas persoas expertas na materia de traballo que se vai desenvolver, con titulación igual ou superior á esixida para participar na convocatoria. Unha delas actuará como secretaria. A convocatoria expresará a composición desta comisión e incluírá tres persoas que actuarán como suplentes cando proceda.

2. A composición das comisións axustarase aos requisitos derivados da normativa de paridade.

3. Todos os membros serán persoal da UDC, sen prexuízo de que a comisión poida solicitar informes de persoas expertas externas.

4. Os acordos da comisión, que serán sempre motivados, adoptaranse por maioría.

Artigo 13. Avaliación e proposta de resolución

1. Logo de se publicar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, quen ocupe a presidencia da comisión de selección procederá, no prazo máximo de cinco días hábiles, a

convocala e constituíla para, deseguido, valorar e puntuar os méritos que aquelas alegasen e acreditasen segundo os criterios de valoración/puntuación establecidos na convocatoria.

2. A comisión redactará unha acta en que se reflectirá a puntuación desagregada por criterios e subcriterios, así como a puntuación total acadada por cada aspirante, seguindo os apartados dos criterios de valoración publicados.

3. Elaborada a acta, a comisión de selección formulará a súa proposta de resolución provisional, en que figurarán as persoas candidatas seleccionadas por orde decrecente de puntuación.

4. A proposta de resolución e a acta de puntuacións publicaranse no TEO. Concederáselles ás e aos aspirantes un prazo de cinco días hábiles, que contarán a partir da publicación da proposta no TEO, para presentar alegacións ante a comisión.

5. A comisión de selección resolverá as alegacións no prazo máximo de tres días hábiles e publicará no TEO a proposta de resolución definitiva, xunto coa acta de puntuacións.

Capítulo V. Resolución, formalización, fiscalización e comunicación do contrato

Artigo 14. Resolución

1. O mesmo día en que se publique a proposta de resolución definitiva, a persoa que ocupe a presidencia da comisión de selección remitiralle á vicerreitoría con competencias en materia de investigación a documentación das actuacións efectuadas. A dita vicerreitoría resolverá a adjudicación do contrato e convocará a persoa seleccionada para formalizar o contrato.

Contra esta resolución de adjudicación caberá recurso de alzada ante o/a reitor/a no prazo dun (1) mes, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da LPACAP.

Artigo 15. Formalización do contrato

1. Os contratos de traballo formalizaranse coa sinatura do/a vicerreitor/a con competencias en materia de investigación.

2. Con carácter previo a formalizarse o contrato, no prazo máximo de dous días hábiles, a unidade tramitadora solicitaralle á persoa seleccionada os documentos orixinais xustificativos dos requisitos e dos méritos alegados, que deberá presentar nun prazo máximo de tres días hábiles.

No caso de que a persoa seleccionada teña que presentar permisos de residencia ou traballo, ou outros documentos cuxa obtención resulte de procedementos de longa tramitación, o prazo para presentar a documentación poderase prorrogar até un máximo de dous meses, logo da petición motivada da persoa investigadora principal.

3. Para a sinatura do contrato, a persoa seleccionada deberá presentar ante a unidade de tramitadora os seguintes documentos:

- a) Documentación en vigor: DNI, NIE e pasaporte no caso de tratarse de persoas estranxeiras, tarxeta de residencia e pasaporte ou certificado de inscrición no Rexistro do Cidadán da Unión Europea e pasaporte se se trata de cidadanía europea.
- b) Datos bancarios.
- c) Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social.
- d) Orixinal ou copia compulsada do título académico.
- e) Declaración de non estar afectado/a pola normativa sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Se a persoa seleccionada tivese que solicitar unha

autorización de compatibilidade fóra da UDC, con carácter xeral, a sinatura do contrato condicionarase a que a obteña.

4. Cando se publique a resolución de adxudicación do contrato, as persoas seleccionadas cunha titulación estranxeira deberán solicitar a declaración de equivalencia ante unha comisión de tres membros do PDI da UDC que será definida pola Comisión de Investigación.

Non obstante, se o obxecto do contrato supón o exercicio dunha profesión regulada, deberán presentar a homologación do seu título de conformidade co establecido no Real decreto 889/2022, do 18 de outubro, polo que se establecen as condicións e os procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de validación das ensinanza universitarias de sistemas educativos estranxeiros e polo que se regula o procedemento para establecer a correspondencia ao nivel do Marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos universitarios oficiais pertencentes a ordenacións académicas anteriores.

Artigo 16. Listaxe de agarda

1. Elaborarase unha listaxe de agarda coas persoas aspirantes que non fosen propostas pola comisión de selección e que acadasen a puntuación mínima fixada pola convocatoria.

A listaxe de agarda poderase empregar para futuros contratos que teñan o mesmo obxecto e a mesma categoría dentro do proxecto ou a liña de que se trate, así como nos casos en que a persoa contratada deixe de realizar a prestación por incapacidade temporal, falecemento ou calquera outra circunstancia asimilada.

3. En todo caso, resolverase adxudicarlle o contrato a quen ocupe o seguinte posto na listaxe de agarda cando a persoa seleccionada:

- a) non presente a documentación no prazo establecido no artigo 15.2;
- b) renuncie ao contrato convocado;
- c) non chegue a formalizar o contrato;
- d) non se incorpore ao posto de traballo no prazo establecido na convocatoria;
- e) non presente a declaración responsable de non estar afectada pola normativa de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas;
- f) non presente a solicitude de autorización de compatibilidade;
- g) vexa denegada a autorización de compatibilidade e non escolla este contrato.

Artigo 17. Fiscalización e comunicación

1. A unidade tramitadora remitiralle o contrato e o documento contable AD, para que sexan fiscalizados de maneira conxunta, ao Servizo de Intervención. Esta fiscalización, que terá carácter de urxente, realizarase no prazo máximo de cinco días hábiles.

Feito isto, o Servizo de Intervención enviaralle á unidade tramitadora fiscalizados o contrato e o documento contable AD.

2. Cando reciba a documentación, a unidade tramitadora remitiralle ao Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social a información necesaria para a súa inclusión na nómina. Esta remisión terase que realizar cunha antelación mínima dun día hábil respecto á data de acreditación da alta ou variación correspondente. Caso de ter que tramitarse dez ou máis altas ou modificacións, o período de antelación será de tres días hábiles.

3. A unidade tramitadora enviaralle o contrato á autoridade laboral competente para o seu rexistro. Así mesmo, enviará un exemplar do contrato ao/á traballador/a e unha copia do contrato á persoa investigadora principal.

4. A unidade tramitadora remitiralle á vicerreitoría con competencias en materia de igualdade de xénero un informe en que se indicará, dun lado, o número de mulleres e homes que presentaron unha candidatura respecto ao total de persoas que o fixeron; e, do outro, o número de mulleres e homes que se contratou respecto ao número de mulleres e homes que presentaron unha candidatura.

Capítulo VI. Extinción do contrato

Artigo 18. Extinción do contrato

1. O contrato extinguirase polas causas previstas nos artigos 49 e seguintes do Estatuto dos traballadores e a súa normativa de desenvolvemento. Nomeadamente farao pola establecida na letra e) do artigo 52 (extinción do contrato por causas obxectivas), que especifica como causa obxectiva a insuficiencia da dotación económica da correspondente consignación para o mantemento do contrato.

2. A unidade tramitadora notificaralle á persoa contratada, de xeito que permita ter constancia de que a notificación se recibiu, a extinción do contrato cunha antelación mínima de quince días hábiles, con expresión da causa que motiva a extinción. Tamén lle remitirá unha copia da dita notificación á persoa investigadora principal.

O expediente deberá conter a documentación acreditativa das notificacións practicadas e da constancia de que se recibiron.

Disposición adicional única. Promoción de contratos sen formalización previa do documento contable RC

As persoas investigadoras principais poderán promover a contratación de persoal investigador regulada neste regulamento con cargo a resolucións provisionais de financiamento ou comunicacións formais do efectivo compromiso de gasto das entidades financiadoras.

Neste caso non se precisará formalizar de maneira previa o documento contable RC, pero indicárase expresamente na convocatoria que a formalización do contrato queda condicionada á concesión definitiva do financiamento de referencia ou que a sustenta.

Disposición transitoria. Formularios

En tanto non estea dispoñible a aplicación informática que dea soporte á tramitación destes procedementos de contratación, empregaranse os formularios normalizados que figuran no anexo deste regulamento.

Disposición final primeira. Disposición derogatoria

Quedan derogadas a Normativa para a regulación da contratación de persoal laboral de capítulo VI con cargo a proxectos, axudas e convenios de investigación e transferencia do coñecemento aprobada polo Consello de Goberno da UDC o 28 de abril de 2022; e a Resolución reitoral sobre trámites económico-administrativos en materia de contratación laboral con cargo a créditos do capítulo VI do estado de gastos (proxectos de investigación, convenios axudas etc.), do 6 de febreiro de 2009, modificada por acordo do Consello de Goberno do 28 de xuño de 2022, así como calquera outra norma de igual ou inferior rango que se opuxer a este regulamento.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor no día seguinte ao da súa publicación no TEO.